

PUBLICACIÓN NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN RECURSO

O Alcalde por Resolución de alcaldía de data 10/11/2016 adoptou a seguinte resolución que se transcribe a continuación:

"Vista a Reclamación presentada por.....o 07/11/2016 con RE 14267

RESOLVO:

PRIMEIRO: Avocar con carácter singular a competencia de aprobar a resolución do citado recurso co seguinte resultado:

Desestimar o recurso de reposición interposto por contra a aprobación as bases do proceso de selección de dous peóns ó 75 % da xornada laboral dos empregados públicos e dun auxiliar administrativo ó 80 % da xornada laboral dos empregados públicos no marco do programa "DEPUEMPREGO" financiado pola Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito deste informe.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o órgano que ditou a resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio.

Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

TERCEIRO.- Notificar este acto o recorrente e proceder a súa publicación no taboleiro e páxina web do concello."


Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o órgano que ditou a resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio.

Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

O Secretario Acctal.



José María Valcarce Rodríguez



INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Asunto.- IMPUGNACIÓN DAS BASES QUE REXEN NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DE DÚAS PRAZAS DE DOUS PEÓNS O 75 % DA XORNADA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS E UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO O 80 % DA XORNADA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS NO MARCO DO PROGAMA DEPUEMPREGO FINANCIADO POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Antecedentes administrativos.

1º.- O pasado 23/09/2016 este Concello asinou coa Excelentísima Deputación de Lugo convenio tipo do programa "Depuemprego" financiado pola mencionada Deputación, e que dito convenio ten por obxeto a contratación de dous peóns ó 75 % da xornada dos empregados públicos e dun auxiliar administrativo o 80 % da xornada dos empregados públicos conforme a memoria adxunta a tal convenio.

2º.- En xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2016 aprobáronse as bases que nos ocupan, as cales foron publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios deste Concello o 27 de outubro de 2016 coincidindo coa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo dun anuncio da apertura do proceso selectivo.

3º.- O 07/11/2016 con RE 14267 ten entrada escrito de

no que este

"Estou matriculado no proceso selectivo para unha praza de auxiliar administrativo en este concello financiada pola Deputación de Lugo. Tras estudar las bases compruebo que la puntuación que se otorga por una minusvalía es muy baja.

Solicita: La impugnación de las bases de la presente convocatoria y la revisión de las mismas."

Lexislación aplicable.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do proceso administrativo común.
- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.
- Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

